



INSTRUCCIÓN II/2017 DA XERENCIA DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA POLA QUE SE REGULA A DOTACIÓN DE VESTIARIO PROFESIONAL AO PERSOAL LABORAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS QUE TEN A CATEGORÍA DE CONDUTOR E PARA O PERSOAL DE ACTOS OFICIAIS

A disposición adicional quinta do vixente Convenio Colectivo para o persoal laboral da USC establece que en materia de roupa de traballo e vestiario, a Universidade proporcionaralles anualmente aos/as traballadores/as as pezas de roupa necesarias para o desenvolvemento das súas funcións. A subministración de vestiario implica o seu uso obrigatorio durante a xornada de traballo.

Co fin de que a dotación e recollida das prendas se leve a cabo coa debida coordinación e puntualidade, e unha vez negociado co Comité Intercentros, o xerente, en uso das competencias atribuídas pola resolución reitoral do 22 de setembro de 2015 (DOG do 5 de outubro de 2015 , dispón:

1. SOLICITUDE DE PRENDAS DE TRABALLO

O impreso de solicitude de prendas de traballo correspondentes ao ano 2017, cubrirase e presentárase persoalmente no Servizo de Xestión de Persoal (Casa da Balconada, Rúa Nova 6, Santiago de Compostela) e na Vixerencia do Campus de Lugo (Servizos Centrais, Campus Universitario, 27002-Lugo).

Os traballadores con dereito ao vestiario que se relaciona no anexo a esta instrución son os que prestan servizos en actos oficiais e os que teñen a categoría de condutor.

2. PRAZO DE SOLICITUDE

O prazo de solicitude será dende o 17 de abril ata o 14 de xullo do ano 2017 en horario de 9 a 14.

3. PROCEDEMENTO

3. 1. Ao/Á traballador/a entregáraselle un resgardo selado polo Servizo de Xestión de Persoal ou pola Vixerencia do Campus de Lugo no momento en que presente a solicitude.

3. 2. Os/As traballadores/as deberán acudir co resgardo á empresa **María de las Mercedes Buján Liñares, Fte. De San Antonio, nº 6. 15702 - Santiago de Compostela**, para que esta anote o vestiario solicitado e tome as medidas para a tallaxe das prendas e do calzado.

3. 3. O/A traballador/a entregaralle o resgardo asinado á empresa concesionaria única e exclusivamente no momento de recibir as prendas solicitadas. A perda ou entrega indebida do resgardo, quedará baixo a responsabilidade total do/da traballador/a solicitante.

4. OBRIGA DE USO DA ROUPA DE TRABALLO

A subministración de vestiario de traballo implica o seu uso obrigatorio durante a xornada de traballo.

5. FACTURACION DA EMPRESA CONCESIONARIA

A empresa concesionaria facturará á Universidade os importes correspondentes, acompañando os resgardos que deben estar debidamente asinados polos/as traballadores/as e co selo do Servizo de Xestión de Persoal ou da Vicexerencia.

En todo o non regulado nesta instrución estarase ao disposto na xa mencionada disposición adicional quinta do Convenio Colectivo.

Santiago de Compostela, 16 de xaneiro de 2017

O xerente



Xosé Manuel Villanueva Prieto